



Concerto de violín

ABI SMEU-ŞAIN

Haruna Takebe, pianista acompañante

Programa

J.S. Bach

Partita II en Re menor para violín solo, BWV 1004

V. Chacona

L. van Beethoven

Sonata nº 7 en Do menor para piano e violín, op. 30, nº 2

I. Allegro con brio

II. Adagio cantabile

III. Scherzo. Allegro

IV. Finale. Allegro

E. Ysaÿe

Sonata nº 5 en Sol maior para violín solo, op. 27

I. L'Aurore


II. Danse Rustique

N. Paganini

Capricho nº 10 en Sol menor para violín solo, op. 1

H. Wieniawski

Capriccio-Valse en Mi maior para violín e piano, op. 7



Petre Abraham Smeu

Naceu o 28 de Abril de 2002 en Santiago de Compostela. Fillo de pais artistas (a súa nai violinista e profesora e o seu pai director de escena), empeza a estudar violín coa temperá idade de catro anos e medio, baixo os consellos e supervisión do seu profesor de violín, Grigori Nedobora, e coa axuda da súa nai.

Participa en recitais de violín en distintas salas de Santiago de Compostela e A Coruña, como por exemplo na Escola de Música Berenguela, a Escola de Altos Estudos Musicais, a Sala Santart e o Centro Ágora.

Desde o ano 2013 é alumno activo no Curso de Violín para Nenos organizado na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago, onde perfecciona os seus estudos co seu profesor de violín Grigori Nedobora.

Participa nas clases maxistras impartidas por mestres internacionais, como Alina Pogotskina, Alena Baeva, Jesus Reina, Tomasz Tomaszewski, David Grimal, Petru Munteanu e Marco Rizzi.

No ano 2013 gaña o primeiro premio do Concurso Internacional Cidade de Vigo. Como parte do premio obtido, en decembro do 2014 toca o seu primeiro concerto acompañado pola Orquestra 430 de Vigo.

En 2015 gaña o segundo premio na XVI edición do Concurso Internacional de Música, Portugal. Nese mesmo ano empeza a tomar clases regulares de violín en Avilés, co profesor Lev Chistyakov.

No ano 2016 gaña o primeiro premio no Concurso Internacional de Fundão, Portugal, e o segundo premio no Concurso Internacional Cidade de Vigo. Tamén desde ese ano se converte en estudante no Conservatorio Superior de Música Hochschule für Musik Saar, Saarbrücken, Alemaña, clase profesor David Grimal.

Nos veráns dos anos 2016 e 2017 participa en cursos internacionais de violín e orquestra en Alemaña e Luxemburgo.

A súa actividade esténdese tamén no ámbito da música orquestral, sendo violinista activo na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, Young Royal Concertgebouw Orchestra e Les Dissonances.

En xuño 2017 fai o seu debut como solista coa Real Filharmonía de Galicia dirixida polo mestre Maximino Zumalave, no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, no marco do Festival Internacional Peregrinos Musicales.

En maio 2021 convértese en semi-finalista no prestixioso Concurso Internacional de Violin de Odessa, Ucraína. Tamén gaña o primeiro premio no Concurso Internacional Cidade de Vigo.

Actualmente é estudante na Hochschule für Musik Saar, Saarbrücken, Alemaña, clase mestre David Grimal.



Haruna Takebe

A pianista xaponesa Haruna Takebe graduouse na universidade Toho Gakuen de Tokio e máis tarde ampliou estudos na Universidade das Artes de Berlín e no Conservatorium van Amsterdam. Na súa actividade profesional destacan as actuacións como solista xunto a orquestras como a Orquestra Sinfónica de Berlín, a Orquestra Filharmónica Checa, a Takamatsu Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia coa que protagonizou a estrea en España do concerto Lotus under the moonlight de Toshio Hosokawa. O selo STH Quality Classics publicou un disco coa súas interpretacións de Scarlatti, Schubert, Liszt e Debussy.

En 2007 incorpórase á Elisabeth University of Music de Hiroshima como Catedrática de Piano ata o 2009, cando se traslada a Santiago de Compostela onde traballa para a EAEM (Escola de Altos Estudos Musicais).

En España converteuse nunha asídua dos seus escenarios tanto con recitais de piano como con diversas formacións de cámara como Airas Ensemble, Artemis Ensemble e Vertixe Sonora Ensemble.

6 abril 2022
20:30 h, Paraninfo da Universidade

